

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIÓS PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DO INMOBLE QUE ACOLLE O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CASTAÑA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar co Concello de Riós, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o momento no que produza a entrega do inmoble ao concello de Riós, que terá que ser antes do 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

fixar as liñas de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Riós para a execución das obras de renovación e reparación de cuberta e carpintería exterior e adecuación interior do Centro de Interpretación da Castaña debido á significación que ten turisticamente este centro, tendo así en conta a desestacionalización do turismo en Galicia

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

PRIMEIRO. O Centro de Interpretación da Castaña, no lugar da Igrexa, parroquia de Trasestrada, é o resultado dunha eficaz rehabilitación da antiga casa reitoral. Á beleza exterior úneselle o carácter funcional e equilibrado do seu interior, ofrecendo múltiples posibilidades aos visitantes que se acheguen ao lugar. Tradición e modernidade son os



ingredientes cos que xoga o Centro para achegarnos máis todo o referente á castaña e aos distintos aspectos do concello de Riós.

Mediante este acordo, as partes pretenden a posta a disposición do inmovible que acolle o Centro de Interpretación da Castaña para a renovación e reparación da cuberta e carpintería exterior e adecuación interior.

A planta baixa do citado inmovible destinarase a albergue xestionado polo concello.

SEGUNDO. Entre as competencias da Axencia Turismo de Galicia está a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo que se desenvolvan no ámbito da administración da comunidade autónoma. O presente acordo non supón un compromiso en firme de realización das obras por parte da Axencia, se non que esta se compromete a realizar un estudo da viabilidade do expediente de contratación para levar a cabo as obras para o cal é necesario asegurar previamente a disposición favorable da administración pública titular do inmovible.

TERCEIRO.- A través deste convenio, outórgase ao Concello de Riós unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A directora da Axencia de Turismo de Galicia

M^a Nava Castro Domínguez

